



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO A Coruña

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 27 de agosto de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

5.- Subvencións. Concesións

5.2.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 7 de maio de 2018 foron aprobadas as "Bases xerais e específicas da convocatoria de subvencións en materia de deporte dirixidas a entidades deportivas durante o ano 2018 do Concello de Carballo".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2018, e no Bop da provincia de A Coruña nº 103, de 1 de xuño o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1902/2018 do 26 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 30 de xullo de 2018 e fomulou proposta de resolución provisional.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto nº 1949/2018 de data 30/07/2018, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas extraordinarias durante o ano 2018, e Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se recibiron alegacións.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes e Cultura do 21/08/2018, no expte. 2018/G006/000423, en uso das competencias delegadas por resolución de alcaldía 1938/2015 do 16 xuño, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Incrementar os importes globais correspondentes á "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018", por importe de 700,00 € acadando así un importe global de 10.700,00 €, dado que unha vez resolta con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018" non se acadou o gasto máximo previsto existindo un importe excedente de 3.700 €, e contemplando as bases específicas das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites. (Ambos créditos orzamentarios son imputables á mesma Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO A Coruña

aplicación 3410/4890000 “Subvencións fomento deporte non nominativas” do Orzamento Municipal en vigor).

Segundo.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 “Subvencións fomento deporte non nominativas” do Orzamento Municipal en vigor (RC22018000950), sendo o importe total proposto de 10.700,00 €.

Terceiro.- Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 2, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

Cuarto.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Servizo de Fomento e Programas Deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

Quinto.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>.

Sexto.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO A Coruña

Anexo1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018.



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO A Coruña

Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018.							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Coe Fin.	Orzto. Xustif.
1	Asociación Deportiva Media Ducía	G70319405	Circuito 12 horas BTT Carballo 2018	59,50	1.082,92 €	3,00	3.248,77 €
2	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Copa Coruña Senior Masculino	37,25	677,96 €	2,00	1.355,93 €
3	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	III Memorial Loli Varela	42,19	767,87 €	2,00	1.535,75 €
4	Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello Carballo 2018	57,34	1.043,61 €	1,43	1.492,36 €
5	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XVI Marcha Costa da Morte	60,60	1.102,94 €	3,16	3.485,30 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	II Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	33,55	610,62 €	1,50	915,93 €
7	Club Mais Motor	G70384425	IX Campeonato Galego de Autocross Carballo 2018	69,54	1.265,66 €	7,70	9.745,55 €
8	Club Mais Motor	G70384425	X Campeonato Galego de Autocross Carballo 2018	70,17	1.277,12 €	6,02	7.688,27 €
9	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2018	28,86	525,26 €	1,43	751,13 €
10	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2018	46,83	852,33 €	1,49	1.269,96 €
11	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	Torneo Fútbol Base SD Sofán 18	82,07	1.493,71 €	2,86	4.272,00 €
Total					10.700,00 €		

Anexo 2.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.

Solicitante	CIF/NIF	Expediente	Proxecto a Subvencionar	Empresa o persoa ca que se contrata.	Descrición do gasto.	Importe Solicitado
Club Mais Motor	G70384425	2018/A003/000241	IX Campeonato Galego de Autocross Carballo 2018	Diego Iglesias Martínez	Diseños, impresión, cartelería, material oficina.	600,00 €
Club Mais Motor	G70384425	2018/A003/000243	X Campeonato Galego de Autocross Carballo 2018			

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)